

FOLLA DE INSCRICIÓN NA ANPA IES CASTRO ALOBRE
2023-2024

anpacaastroalobre@gmail.com

Autorización informada para o uso de datos persoais de menores

D./ D^a. _____ con DNI _____,

como pai/nai/titor do(s) menor(es) abaixo consignado(s), autoriza á Asociación de Nais e Pais de Alumnos do IES Castro Alobre (en adiante “ANPA Castro Alobre”), con CIF 36146 421 e enderezo na Rúa San Roque, n.º 25 de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), para recoller e tratar os datos persoais do menor, que inclúen o nome e apelidos, o nome da nai/pai/titor, teléfono e enderezo electrónico. Tales datos poderán utilizarse para ser contactado a través de móbiles e/ou por correo electrónico, e ser incluído en grupos ou listas de distribución de aplicacións móbiles e/ou correo electrónico xestionado pola ANPA IES Castro Alobre con fins de información e xestión de tarefas da Asociación, xestión do banco de libros e calquera outra actividade que puidese ser organizada pola asociación. A chegada destes datos é obrigatoria para poder cumprir coa finalidade anterior. Os datos facilitados por vostede serán procesados nun ficheiro propiedade da ANPA IES Castro Alobre, do cal é responsable o presidente da asociación. Os datos manteranse sempre que se mantéña a relación coa nosa asociación ou durante os anos necesarios para cumprir as obrigas legais. Os datos non serán transferidos a terceiros, excepto nos casos en que exista unha obriga legal. Pode retirar este consentimento en calquera momento, sen afectar ao tratamento lexítimo realizado ata a data. Tamén pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, limitación, oposición e portabilidade ante o responsable, no enderezo indicado arriba ou solicitándoa por correo electrónico á ANPA IES Castro Alobre (anpacaastroalobre@gmail.com). Así mesmo, pode presentar unha reclamación polo tratamento realizado ante a Axencia Española de Protección de Datos. Do mesmo xeito, consente que o responsable controle os seus datos persoais contidos neste documento, co único obxectivo de xestionar as tarefas da Asociación con respecto aos estudantes. Co mesmo contido e dereitos contemplados no parágrafo anterior.

Datos do(s) asociado(s):

Nome da/o alumna/o: _____ Curso _____

Nome da/o alumna/o (adicional): _____ Curso _____

Enderezo: _____

Nº de teléfono: _____

Correo electrónico persoal (non institucional) da nai/pai/titor: _____

➤ Foi socio da ANPA o curso pasado?	Sí	<input type="checkbox"/>	Non	<input type="checkbox"/>
➤ Foi usuario do banco de libros o curso pasado?	Sí	<input type="checkbox"/>	Non	<input type="checkbox"/>
➤ Vai facer uso do banco de libros no presente curso?	Si	<input type="checkbox"/>	Non	<input type="checkbox"/>
➤ Doa libros?	Sí	<input type="checkbox"/>	Non	<input type="checkbox"/>

INDIQUE ASIGNATURAS OPTATIVAS:

Vilagarcía de Arousa, a _____ de _____ do ano _____

Asdo.: _____

DATAS DE INSCRICIÓN ACCESO A BANCO DE LIBROS: días luns 26 de xuño de 10:00 a 12:30 e de 17:00 a 20:00, martes 27 xuño 10:00 a 12:30 e de 17:00 a 20:00, mércores 28 xuño de 10:00 a 12:30 e de 17:00 a 20:00 xoves 29 xuño de 10:00 a 12:30 e de 17:00 a 20:00 e venres 30 de xullo en horario de 10:00 a 12:30.

Resguardo da inscrición 2023-2024 do alumno/a _____

Entregado o día _____

(A cubrir pola ANPA)

Cales son as principais funcións da ANPA:

- Asistir aos socios da ANPA que o demanden en calquera asunto concernente á educación e os dereitos e deberes das súas fillas, fillos ou tutelados.
- Colaborar nas diferentes actividades educativas do centro cando sexa preciso.
- Tratar e apoiar a aquelas familias que teñan necesidades pedagóxicas específicas ou de carácter social.
- Promover e promocionar a calidade na educación impartida.
- Artellar os mecanismos necesarios para facilitar a participación e a representación das nais e pais no Consello Escolar ou en calquera outro órgano colexiado.
- Cooperar coa dirección e o profesorado do centro para asegurar o bo funcionamento do mesmo.

Beneficios adicionais da ANPA Castro Alobre:

- Ser asociado da ANPA permite o acceso ao Banco de Libros. Ademais de estar ao día no pago da cota anual (**18€** por familia), os beneficiarios do Banco de Libros deberán ter cedidos ou devolto ao banco os libros do curso anterior, en condicións de ser reutilizados. De non ser así, no caso de alumnos que se matriculan no centro por primeira vez, coma osque comenzan 1º da ESO, deberase ingresar unha cota adicional de **20€** por alumno (esta cota aboarase unicamente o primeiro ano). Ou debera doarse un libro vixente no curso 2023/2024. O pagamento das cotas poderá facerse mediante transferencia ou ingreso na conta que a ANPA ten en ABANCA co número **ES46 2080 5448 6130 4012 1245**. O xustificantedo ingreso/transferencia achegarase ao formulario de inscrición debidamente cumprimentado e **entregarase no local da ANPA nas datas indicadas**.
- Así mesmo, a ANPA ten subscrita unha póliza de responsabilidade civil coa aseguradora OCASO, cunha cobertura de 120.000 € por sinistro e vítima, que inclúe danos materiais, defensa civil e penal e fianza civil e penal, en calquera incidencia acaecida durante ou coma consecuencia do desenvolvemento das actividades propias da ANPA. Calquera asociado pode solicitar unha copia completa das cobertura incluídas nesta póliza.

Aínda que o feito de asociarse e aportar ao sostemento económico da ANPA e das actividades que esta desenvolve ten unha gran importancia, non é menos importante a implicación dos asociados na xestión e no desenvolvemento dos obxectivos que cada inicio de curso nos propoñemos, obxectivos que pretenden acadar dende o ámbito das familias, os medios que garantan un ensino de calidade para todo o alumnado. Por iso animámosvos non so a asociarvos, tamén a participar activamente na xunta directiva, nos órganos representativos e na organización das actividades da ANPA. Quedamos pois á vosa disposición para calquera dúbida ou suxestión que atenderemos e tentaremos resolver a través do noso enderezo electrónico anpacaastroalobre@gmail.com.

INSTRUCCIÓNS

- ▼ Consigne tódolos datos de maneira clara e lexible.
- ▼ Realice o ingreso/transferencia a favor da ANPA Castro Alobre no nº de conta ABANCA: ES46 2080 5448 6130 4012 1245
- ▼ As cotas correspondentes ao curso 2023/2024 serán:
Cota xeral renovación socio(por familia, non por alumno) : **18 €**.
Cota inscrición banco de libros (por alumno, no caso de primeira inscrición sen aporte de libros): **20€+18€**
Achegue (grampado) o formulario de inscrición ao xustificante de ingreso/transferencia bancaria.
- ▼ Entregue esta documentación asinada e cuberta no local da ANPA..
- ▼ Datas de inscrición: os días **días luns 26 de xuño de 10:00 a 12:30 e de 17:00 a 20:00, martes 27 xuño 10:00 a 12:30 e de 17:00 a 20:00, mércores 28 xuño de 10:00 a 12:30 e de 17:00 a 20:00 xoves 29 xuño de 10:00 a 12:30 e de 17:00 a 20:00 e venres 30 de xullo en horario de 10:00 a 12:30**.